

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório sobre o contido da parte común do programa de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) logo de finalizados os tempos de exame

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. De conformidade co artigo 69 da Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia, as divisións territoriais das áreas sanitarias que constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria denomínanse:

- A) As zonas básicas de saúde.
- B) Os distritos sanitarios.
- C) As áreas sanitarias.
- D) As zonas sanitarias.

2. O artigo 43 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde di que o complemento de carreira está destinado a retribuír:

- A) O nivel do posto.
- B) O especial rendemento.
- C) O grao alcanzado.
- D) A especial dedicación e responsabilidade.

3. Sinalar a resposta correcta en relación ao artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) Os idiomas galego e castelán son propios en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- C) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- D) O idioma galego é o oficial en Galicia e todos teñen o deber de coñecelo e usalo.

4. De conformidade co artigo 18 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario:

- A) O dereito á percepción puntual das retribucións.
- B) O dereito á negociación colectiva, representación e participación na determinación das condicións de traballo.
- C) O dereito á mobilidade voluntaria.
- D) O dereito á promoción interna e ao desenvolvemento profesional.

5. De acordo co artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal estatutario fixo efectuarase:

- A) Con carácter preferente polo procedemento de oposición.
- B) Con carácter xeral polo procedemento de concurso- oposición.
- C) Con carácter xeral polo sistema de libre designación.
- D) Con carácter preferente polo sistema de concurso- oposición.

6. De conformidade co artigo 43 da Constitución, correspóndelle fomentar a educación sanitaria a:

- A) O Ministerio de Educación.
- B) Os poderes públicos.
- C) Cada Comunidade Autónoma.
- D) O Ministerio de Sanidade.

7. De acordo co establecido no artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as empresas de 31 traballadores:

- A) Deberán contar con, alomenos, dous delegados de prevención.
- B) Deberán ter un delegado de prevención que será elixido por e entre os delegados de persoal.
- C) Non contan con delegados de prevención.
- D) Deberán ter un delegado de prevención, que será o delegado de persoal.

8. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e a historia clínica dos pacientes, sinalar a resposta falsa:

- A) A prestación do consentimento informado é un dereito do doente.
- B) A obtención do consentimento informado é un deber do médico.
- C) O doente ten dereito a decidir libremente, tras recibir a información axeitada, entre as opcións clínicas dispoñibles.
- D) O doente non ten dereito a negarse ao tratamento.

9. Para os efectos da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considéranse formas de violencia de xénero as seguintes:

- A) Violencia física, violencia psicolóxica ,violencia económica, violencia sexual e abusos sexuais, acoso sexual, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.
- B) Violencia física, violencia psicolóxica ,violencia económica, violencia sexual e abusos sexuais, acoso sexual e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.
- C) Violencia física, violencia psicolóxica , violencia sexual e abusos sexuais, acoso sexual, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.
- D) Violencia física, violencia psicolóxica , violencia sexual e abusos sexuais, acoso sexual e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

10. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as actuacións das Administracións Públicas estarán orientadas a:

- A) Garantir a información sobre servizos sanitarios.
- B) Garantir que os cidadáns obteñan os medicamentos e produtos sanitarios que consideren necesarios para a saúde.
- C) Garantir que, cantas accións sanitarias se desenvolvan, estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- D) Promover a rehabilitación laboral dos pacientes.

## Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 10 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, cal dos seguintes non constitúe un dereito respecto as distintas administracións públicas sanitarias?

- A) A coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- B) Ao respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade.
- C) Á información sobre os servizos sanitarios aos que se pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- D) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso.

2. Segundo o artigo 9 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos de substitución expediranse cando resulte necesario atender as funcións de persoal fixo ou temporal:

- A) Para a prestación de servizos de natureza extraordinaria.
- B) Para prestar servizos complementarios dunha redución de xornada.
- C) Para o desempeño dunha praza vacante nos centros ou servizos de saúde.
- D) Durante os períodos de vacacións, permisos e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva de praza.